

## ANUNCIO

### BASES CONCURSO DO CARTEL DO ENTRUDIO INFANTIL 2026 VIANA DO BOLO

Con motivo da celebración do Entrudio 2026, o Concello de Viana do Bolo convoca un concurso para seleccionar o Cartel Oficial do Entrudio Infantil 2026, con arranxo ás seguintes bases:

#### 1. FINALIDADE DO CONCURSO

A finalidade deste concurso é a elección do Cartel Oficial que anuncie e promociione o ENTRUDIO INFANTIL de VIANA DO BOLO para o ano 2026.

O tema será libre de elección e interpretación por parte do/a autor/a , pero deberá recoller o espírito do Entrudio de Viana do Bolo.

Os traballos presentados deberán ser inéditos e non ser publicados anteriormente en ningún ámbito e/ou lugar, incluídas as redes sociais.

No caso de que se usen imaxes ou plaxios de imaxes de outros/as autores/as ou institucións, a persoa autora será a responsable única ante calquera incidencia que por estes motivos se puidera producir, quedando retirada a obra de inmediato.

Aceptarase a presentación de calquera expresión artística (obra pictórica, fotografía, montaxe fotográfico, etc.).

Non se aceptarán traballos xerados por medio de intelixencia artificial.

#### 2. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todos/as os/as creadores/as menores de 14 anos que así o desexen, co número de traballos que estimen oportunos, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais e inéditas (tal e como se recolle nos parágrafos anteriores).



### 3. FORMATO DE PRESENTACIÓN E ENVÍO

Os traballos presentados terán como única identificación un LEMA ou TÍTULO. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

O lema ou título presentarase escrito, xunto co nome do concurso “CONCURSO DO CARTEL DO ENTRUDIO INFANTIL 2026 VIANA DO BOLO”, no exterior dun sobre pechado.

Dentro dese sobre deberá entregarse:

- A obra impresa en papel (formato mínimo A3)
- A obra en formato dixital nun dispositivo electrónico.
- Un sobre pechado que conteña un documento coa seguinte información:
  - Nome e apelidos do/a autor/a
  - Fotocopia do DNI do/a autor/
  - Enderezo actual e teléfono do/a autor/a
  - Autorización para participar no concurso asinada por parte dun/dunha proxenitor/a ou titor/a legal.

Este sobre coa documentación abrírase despois da decisión do Xurado para coñecer a autoría do cartel gañador.

O formato físico ou impreso do cartel será vertical, cunhas medidas mínimas de tamaño A3 (297 x 420 mm), en caso de que sexan medidas máis grandes, deberán ser proporcionais.

O formato dixital do cartel deberá presentarse cunha resolución mínima de 300 pp (puntos por polgada), e non deberán levar ningunha marca de auga, copyright ou firma.

Co obxectivo de intervir o mínimo posible no traballo gañador, recoméndase deixar espazo libre na parte inferior do cartel para poder engadir os logotipos necesarios (véxase nos carteis de anos anteriores).



As obras levarán como único texto “ENTRUDIO INFANTIL 2026 - VIANA DO BOLO. Luns 16 de febreiro”

A data límite para a presentación dos traballos é o 15 de decembro de 2025 ata as 14:00 horas. No caso de envíos por correo ou por empresas de mensaxería, non se admitirán entregas a partir das 14:00 horas dese día.

As obras entregaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Viana do Bolo (Rúa Constitución nº 14 Viana do Bolo).

#### **4. COMPOSICIÓN E FALLO DO XURADO**

O Xurado Cualificador encargado de seleccionar o cartel gañador estará conformado por, polo menos, tres persoas relacionadas co ámbito do Entrudio e/ou o Fulión de Viana do Bolo, a fotografía e imaxe, as artes plásticas e a divulgación cultural en xeral e serán designadas polo órgano municipal competente.

En ningún momento o Xurado terá información previa algunha dos/as participantes no concurso.

As decisións do Xurado serán inapelables. Os/as concursantes polo mero feito de participar neste concurso, renuncian expresamente ao exercicio de todo tipo de reclamacións contra as súas resolucións.

A acta do fallo do Xurado farase pública a través da páxina web do Concello de Viana do Bolo e das súas Redes Sociais a partir do 16 de decembro de 2025.

#### **5. PREMIOS**

Co fin de incentivar a participación, haberá tres premios:

1º Premio: Un vale de 75 € a gastar nun establecemento comercial de Viana do Bolo

2º Premio: Un vale de 50 € a gastar nun establecemento comercial de Viana do Bolo

3º Premio: Un vale de 25 € a gastar nun establecemento comercial de Viana do Bolo



## 6. NORMAS E DEREITOS

En canto aos dereitos de propiedade, o/a autor/a do deseño seleccionado cede en exclusiva ao Concello de Viana do Bolo os dereitos de explotación do traballo gañador sen ningún tipo de limitación territorial, temporal ou de calquera outra índole.

O Concello de Viana do Bolo resérvase a facultade de incluír logotipos ou anagramas na composición definitiva do cartel

As obras presentadas pasarán a formar parte dos fondos do Concello de Viana do Bolo e poderán ser utilizados por el, citando sempre a autoría das mesmas.

As obras poderán ser recollidas no CIM de Viana do Bolo dende o 22 de decembro de 2025 ata o 9 de xaneiro de 2026. Os traballos non recollidos nese prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Viana do Bolo.

A Organización terá un coidado estrito na manipulación das obras recibidas, pero declina calquera responsabilidade por perda, rotura, roubo ou danos sufridos nos carteis durante o seu envío, concurso, exposición e/ou almacenamento.

## 7. PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e segundo a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, o Concello de Viana do Bolo, informa que os datos persoais solicitados no concurso só serán utilizados cos fins do devandito concurso, e serán custodiados por este concello.

Así mesmo, de acordo con o previsto nos artigos 15 a 23 do Regulamento (UE)2016/679, as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso aos datos persoais, rectificación ou supresión, limitación ou oposición ao tratamento e, no seu caso, á portabilidade dos datos, dirixíndose ao Concello de Viana do Bolo.

Os datos persoais que se farán públicos serán os nomes completos das tres persoas



gañadoras do concurso, a través da páxina web e redes sociais do Concello de Viana do Bolo e doutros medios de comunicación que se estimen convenientes.

Queda baixo responsabilidade de cada participante que as persoas que aparezan nas imaxes presentadas coñezan que a súa imaxe poderá ser utilizada polo Concello de Viana do Bolo con fins promocionais nos soportes descritos, sen que iso conleve contraprestación algunha para a persoa, solicitando, no seu caso, as autorizacións ou permisos correspondentes.

Sempre que se incorporen ao concurso imaxes de persoas ou organizacións, os participantes deberán informar debidamente ás/aos afectadas/os, dos obxectivos da presente convocatoria e solicitar, no seu caso, os permisos correspondentes para a difusión das imaxes.

En caso de reclamación, o/a autor/a será o único/a responsable, eximíndose ao Concello de Viana do Bolo de calquera tipo de responsabilidade.

**A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito exclusivo do Concello de Viana do Bolo.**

En Viana do Bolo, a 6 de novembro de 2025

O Alcalde. Germán Aurelio García- Ávila Arias

